

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO DÍA 20 DE OUTUBRO DE 2007

Sres. asistentes:

SR. ALCALDE – PRESIDENTE.-

DON JUAN ANTONIO MACEIRAS BARROS (PP)

SRES. CONCELEIROS PRESENTES.-

DON JESÚS VEIGA SABÍN (PP)

DONA MARÍA ROSARIO MANSO LÓPEZ (PP)

DON ANTONIO BERNARDO LÓPEZ (PP)

DON FRANCISCO REY MALLO (PP)

DONA TANIA MARIA RUANOVO SUAREZ (PP)

DONA EVA MARIA VILARIÑO GONZALEZ (PP)

DON MANUEL MONTERO ANIDO (PSOE)

DONA EMMA GONZALEZ ALVAREZ (PSOE)

DON JUAN MANUEL BECEIRO CABEZAL (PSOE)

DON JOSE MARIA LAYA CARRIL (TEGA)

DON ANTONIO CORTIZAS RODRÍGUEZ (ASI - MIÑO)

DONA ROSA MARIA MASEDA GONZALEZ (BNG)

SRA. SECRETARIA MUNICIPAL.-

ALEJANDRA RODRÍGUEZ MENÉNDEZ.

SRA. INTERVENTORA MUNICIPAL.-

MARTA ROCA NAVEIRA.

No Local habilitado para Salón de Plenos no Local Social da Rúa de Miño ás doce horas e dez minutos do día 20 de outubro de 2007, reúnen os Sres. concelleiros que se acaban de citar, co obxecto de realizar a sesión ordinaria do Pleno municipal segundo a seguinte orde do día:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (ACTA DO PLENO EXTRAORDINARIO DO 7 DE SETEMBRO DE 2007).

Distribuíndose ós Sres. concelleiros da Corporación copia do borrador da acta do pleno correspondente ó día 23 de abril de 2007, pregúntase ós asistentes se teñen algunha observación que formular á referida acta, e non presentándose ningunha, apróbase por unanimidade dos asistentes.

2º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA: DENDE A RESOLUCIÓN 936/07 ATA 1117/07.

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, de 28 de novembro de 1986, dáse conta ó Pleno das resolucións de alcaldía comprendidas entre os números 936/07 ata 1117/07, quedando o pleno municipal enterado.

3º.- RATIFICACIÓN DO DECRETO DE ALCALDÍA RELATIVO Á FIXACIÓN DAS DESTAS LOCAIS DO CONCELLO.

Dáse conta do decreto de alcaldía de data 9 de outubro de 2007, relativo á fixación dos días festivos locais, no que se establece:

“**DECRETO DA ALCALDÍA.-**Visto o Decreto 152/2007, do 19 de xullo, do Consello da Xunta de Galicia, polo que se determina o Calendario Laboral para o ano 2008 na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 151, do 6.8.07), no que se fixan as festas

laborais.- Polo que, no uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente, en especial o artigo 21.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,**RESOLVO**:1º. Fixar como festas locais do Concello de Miño para o vindeiro ano 2008 as seguintes: 5 de febreiro.....Entroido.-16 de xulloFesta do Carne.-2º. Someter o presente Decreto a ratificación do Pleno.-“

Sometido o decreto de fixación das festas locais do Concello de Miño a ratificación na sesión plenaria de data 20 de outubro de 2007, o mesmo queda ratificado por unanimidade dos presentes.

4º.- EXPEDIENTE Nº 02/2007 DE ANULACIÓN PARCIAL DO CRÉDITO EXTRAORDINARIO 01/2007.

Dáse conta do ditame da Comisión Especial de Contas e Facenda de data 9 de outubro de 2007, no que se establece:

“Dáse conta da proposta de alcaldía relativa á anulación parcial do crédito extraordinario 01/2007, na que se establece:

“Proponse á Comisión de Facenda, que pola mesma se dictamine favorablemente o expediente de anulación parcial do crédito extraordinario nº 01/2007, e se propoña ó Concello Pleno a adopción de acordo, con fundamento na seguinte EXPOSICION DE MOTIVOS.

Na memoria adxunta ó expediente,expóñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Visto o informe e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sometese a esta Comisión a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:
1º. Dictaminar **favorablemente** o expediente nº 2/07 de anulación parcial do crédito extraordinario nº 01/2007 por un importe global de 43.607,94 € , conforme ó seguinte detalle:

As partidas afectadas polo expediente, son as seguintes:

Partidas:

PARTIDA	CONCEPTO	IMPORTE
751/625.00	Turismo. Mobiliario.	11,00 €
451/635.00	U Promoción e difusión da cultura. Inversión de reposición asociada ó funcionamento operativo dos servizo. Mobiliario	87,35 €
511/601.02	Carreteras, camiños e vías públicas urbanas. Inversión nova en infraestrutura e bens adicados ó uso xeral	696,45 €
511/625.00	Carreteras, camiños e vías públicas urbanas. Inversión nova asociada ó funcionamento operativo dos servizos. Mobiliario	69,94 €
452/601.01	Educación física, deportes e esparcemento. Inversión nova en infraestrutura e bens adicados ó uso xeral	35.570,70 €
452/611.00	Educación física, deportes e esparcemento. Inversión de reposición en infraestrutura e bens adicados ó uso xeral	7.172,50 €
TOTAL		43.607,94 €

2º.-De conformidade, analoxicamente, co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición publica do acordo por quince días hábiles, mediante inserción

de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

3º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións.

Unha vez lida a proposta de alcaldía pola interventora municipal procedese a explicar o expediente.

A continuación ábrese a primeira rolda de intervencións:

Polo PSOE, o Sr. Beceiro manifesta que lle gustaría saber en que se vai investir a modificación, que cree que se vai destinar á construción dunhas casetas e un ximnasio.

Polo equipo de goberno, a Sra. Vilariño contesta que a modificación vai destinarse á substitución das actuais casetas de socorrismo, as cales se atopan en mal estado, por outras novas, e que dita adquisición esta subvencionada en parte pola Consellería de Medio Ambiente. Que a precitada subvención da Consellería de Medio Ambiente esta dividida en dúas partes, unha para obra e outra para subministro, que en un principio se presupostou todo na partida correspondente a obra, e que agora como é precisa a adquisición de subministros proceder dar de baixa o sobranse consignado na partida de obras.

Polo PSOE, o Sr. Beceiro contesta que o que lle sorprende é a cantidade.

Sometida a proposta de acordo formulada pola alcaldía obtense o seguinte resultado: 9 votos a favor do PP, PSOE, TEGA e ASI – MIÑO.

Queda ditaminada favorablemente a proposta de acordo da alcaldía relativa ó expediente nº 02/2007, de anulación parcial do crédito extraordinario 01/2007, por unanimidade dos concelleiros presentes.”

A continuación na sesión plenaria preguntase ós concelleiros presentes se queren realizar algunha intervención, e manifestando que non se somete a votación o ditame, co seguinte resultado: 13 votos a favor do PP, PSOE, TEGA, ASI – MIÑO e BNG.

Queda aprobada no pleno municipal a proposta de acordo formulada pola Alcaldía relativa ó expediente nº 02/2007 de anulación parcial do crédito extraordinario 01/2007, por unanimidade dos presentes.

5º.- EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 6/2007.

Dáse conta do ditame da Comisión Especial de Contas e Facenda de data 9 de outubro de 2007, no que se establece:

Dáse conta da proposta de alcaldía relativa ó expediente de crédito 06/2007, na que se establece

“A Alcaldía propón á Comisión de Facenda, que pola mesma se dictamine favorablemente o expediente de concesión de suplemento de crédito, e se propoña ó concello Pleno a adopción de acordo, con fundamento na seguinte EXPOSICION DE MOTIVOS:

Na memoria adxunta ó expediente, expóñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Vistos os informes e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sométese ó dictame desta Comisión a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

1º. Aproba-lo expediente nº 06/2007 de Suplemento de Créditos por un importe global de 43.607,94 € financiado con Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais, conforme ó seguinte detalle:

PARTIDA	DENOMINACION	IMPORTE (€)
452/625.00	Educación física, deporte e esparcemento. Inversión nova asociada ó	40.913,38 euros

funcionamento operativo dos servizos. Mobiliario.	
433/227.09 Medio ambiente. Outros traballos	2.694,56 euros
TOTAL	43.607,94 euros

En todo caso, a aprobación do presente expediente quedará condicionada á condición suspensiva de aprobación definitiva do expediente nº 2/2007 de anulación parcial do crédito extraordinario 01/07 por importe de 43.607,94 euros.

2º.- Financia-lo expediente nº 06/2007 de suplementos de créditos mediante Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais.

3º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do RDL2/2004, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do apartado 1 do presente acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

4º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións contra o presente expediente nin contra o expediente número 02/2007 de anulación parcial do crédito extraordinario 01/07 ó que se atopa condicionado suspensivamente.

Unha vez lida a proposta de alcaldía pola interventora municipal procedese a explicar o expediente.

Sometida a proposta de acordo formulada pola alcaldía obtense o seguinte resultado: 9 votos a favor do PP, PSOE, TEGA e ASI – MIÑO.

Queda ditaminada favorablemente a proposta de acordo da alcaldía relativa ó expediente de suplemento de crédito 06/2007, por unanimidade dos concelleiros presentes.”

A continuación na sesión plenaria preguntase ós concelleiros presentes se queren realizar algunha intervención, e manifestando que non se somete a votación o ditame, co seguinte resultado: 13 votos a favor do PP, PSOE, TEGA, ASI – MIÑO e BNG.

Queda aprobada no pleno municipal a proposta de acordo formulada pola Alcaldía relativa ó expediente de suplemento de crédito 6/2007, por unanimidade dos presentes.

6º.- APOIO Á SOLICITUDE DUN PROFESOR DE APOIO PARA EDUCACIÓN INFANTIL E UN MESTRE DE APOIO PARA O ALUMNADO ESTRANXEIRO.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais de data 9 de outubro de 2007, no que se establece:

“Dáse conta da proposta de alcaldía na que se establece:

ASUNTO: APOIO Á SOLICITUDE DUN PROFESOR DE APOIO PARA E.I E UN MESTRE DE APOIO PARA ALUMNOS/AS ESTRANXEIROS.-

Visto o informe emitido por Dona M^a Jesús Gómez Abelenda, Orientadora do CPI Castro – Baxoi, no que se xustifica a necesidade de que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria asigne o CIP Castro – Baxoi un mestre de apoio ós alumnos/as estranxeiros, ó obxecto de facilitar a integración dos mesmos.-

Visto o informe emitido por Antón Rey Sueiras, Xefe de Estudos de Primaria, no que se xustifica a necesidade de que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria asigne o CPI Castro – Baxoi un mestre de apoio para educación infantil, ó obxecto de prestar adecuadamente as labores de apoio os restantes mestres do precitado centro escolar.-

Esta alcaldía propón ó pleno municipal a adopción do seguinte acordo:

1º.- Apoiar á solicitude dun profesor de apoio para educación infantil e un mestre de apoio para alumnos/as estranxeiros efectuada polo CPI Castro – Baxoi de Miño.

2º.- Solicitar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que procede a asignar un profesor de apoio para educación infantil e un mestre de apoio para alumnos/as estranxeiros ó CPI Castro – Baxoi de Miño, ó obxecto de solventar as carencias de persoal que sofre o precitado centro escolar e que poidan prestarse adecuadamente as labores de integración dos alumnos/as estranxeiros.

3º.- Remitir o presente acordo á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.”

A continuación ábrese a rolda de intervencións:

Polo PSOE, o Sr. Beceiro manifesta que quere felicitar-se xa que por primeira vez se fai dende o Concello unha reivindicación ante unha Consellería e ademais nunha materia de educación á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que considera que a construción do CIP en Miño foi unha experiencia nefasta, xa que se trataba dun centro experimental, con nenos de 3 a 18 anos, que se fixo por cuestións de aforro, que no ano 95 estaba previsto facer un instituto e que foi cando se decidiu ampliar e construír o centro de secundaria a parte, o que a el, como membro del colectivo molestoulle e afectoulle, que a noso centro é un centro que ten carencias, carencias que non son de agora, que veñen do ano pasado, de feito en maio asinouse un acordo entre os sindicatos e a Consellería reducindo a xornada laboral a 21 horas semanais, o cal vai en detrimento dos alumnos e iso é unha responsabilidade do noso centro, asúmesmo sinala que se o CIP Castro – Baxoi ten un profesor de PT a maiores e unha profesora de apoio de Educación Infantil é grazas ó PSOE, que el desexa que haxa máis profesores, que de feito no centro existen problemáticas especiais como pode ser a problemática que presentan os nenos de Bañobre.

Polo equipo de goberno, o Alcalde manifesta que unha vez máis o PSOE fala de oído, que lle roga que cando diga algo se documente previamente, que resaltou que é a primeira vez que o Concello presenta reclamacións ante Consellerías, e iso non é certo, que o equipo de goberno fixo reclamacións ante diferentes Consellerías como a de Medio Ambiente, Sanidade, e incluso ante o Ministerio de Fomento, e con respecto ó tema de educación quere manifestar que se reuniron co anterior responsable de Educación e que lle solicitaron un instituto.

Polo PP, o Sr. Veiga manifesta que se debe separar a política dos temas importantes como é a educación, e que se non recorda que estaban no colexio de Gallamonde reclamando un instituto.

A continuación o alcalde manifesta que está disposto a reivindicar con eles o que faga falta, que se teñan algunha reivindicación concreta diante dalgunha consellería que va con eles.

Polo PSOE, o Sr. Beceiro manifesta que con tema del centro eles teñan unha proposta que é a ampliación do Centro para ter un centro de secundaria.

Sometida a proposta de alcaldía a votación obtense o seguinte resultado:9 votos a favor do PP, PSOE, TEGA e ASI – MIÑO.

Queda ditaminada a proposta de alcaldía relativa ó apoio á solicitude dun profesor de apoio para Educación Infantil e un mestre de apoio para o alumnado estranxeiro do CIP Castro - Baxoi, por unanimidade dos presentes.”

A continuación na sesión plenaria preguntase ós concelleiros presentes se queren realizar algunha intervención, e manifestando que non se somete a votación o ditame, co seguinte resultado: 13 votos a favor do PP, PSOE, TEGA, ASI – MIÑO e BNG.

Queda aprobada no pleno municipal a proposta de acordo formulada pola Alcaldía

relativa ó apoio á solicitude dun profesor de apoio para educación infantil e un mestre de apoio para o alumnado estranxeiro, por unanimidade dos presentes.

7º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA ELIMINACIÓN DAS PARCELAS DAS VIVENDAS UNIFAMILIARES AFECTADAS POLA APARICIÓN DE XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS NO PLAN PARCIAL DO SECTOR URBANIZABLE R – D – PERBES – VILANOVA.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais de data 9 de outubro de 2007, no que se establece:

“Dáse conta da proposta de alcaldía na que se establece:

Visto o expediente tramitado para a aprobación da modificación puntual do Plan Parcial do Sector Urbanizable R.D. Perbes – Vilanova.-

Visto que a precitada modificación tiña un triple obxectivo: 1º.- Redefinir as condicións dos aparcadoiros privados nas parcelas colectivas. 2º.- Redefinir as parcelas dedicadas a centros de transformación de enerxía eléctrica. 3º.- Eliminar unhas parcelas de vivendas unifamiliares, debido á aparición de xacementos arqueolóxicos.-

Visto que con data de 31 de xullo de 2006 o pleno municipal acordou aprobar definitivamente a modificación puntual do Plan Parcial do sector urbanizable R.D. Perbes – Vilanova, no que se refire a redefinir as condicións dos aparcadoiros privados das parcelas colectivas e redefinir as parcelas dedicadas a centros de transformación de enerxía eléctrica, e deixar pendente a aprobación definitiva no que se refire a eliminar unhas parcelas de vivendas unifamiliares, ata que non se reciba o informe preceptivo e vinculante da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.-

Visto que con data de rexistro de entrada 5 de outubro de 2006 recibíuse a Resolución da Delegada Provincial de Cultura e Deporte, que resultou do acordo da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico Galego da Coruña de data 20 de setembro de 2006, na que se establece : “...Á vista da nova documentación presentada a comisión territorial do patrimonio histórico galego da Coruña, acorda informar favorablemente a legalización do campo de golf, sempre e cando se recollan as indicación da proposta de posta en valor dos túmulos da Fraga, que deberán materializarse nun proxecto para a súa autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio...”.-

Visto que con data de rexistro de entrada 7 de febreiro de 2007 se presenta por FADESA INMOBILIARIA S.A proxecto de actuación arqueolóxica para a posta en valor dos túmulos da Fraga, Campo de Golf na urbanización do Sector nº 1 de Perbes, San Xoán de Vilanova, Miño.-

Visto que con data de rexistro de entrada 13 de abril de 2007 recibíuse copia da Resolución do Director Xeral de Patrimonio Cultural no que se autoriza ó arqueólogo Fidel Méndez Fernández á realización de traballos arqueolóxicos (control e sondaxes) e de posta en valor dos túmulos 1 e 2 da Fraga.-

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 28 de xuño de 2007, se concedeu a FADESA INMOBILIARIA S.A. licenza de obras para a posta en valor dos túmulos da Fraga no Sector Nº 1, Perbes – San Xoán de Vilanova.-

Visto que se cumpriu o condicionante imposto na Resolución da Delegada Provincial de Cultura e Deporte, que resultou do acordo da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico Galego da Coruña de data 20 de setembro de 2006.-

Visto o informe emitido polo técnico municipal no que se establece “ levadas a cabo as comprobacións oportunas sobre a planimetría do Plan Parcial e PXOM as parcelas VA – 27 e VA – 31 atópanse fora do ámbito dos primeiros 500 metros da Costa”.-

Esta Alcaldía propón ó pleno municipal a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar definitivamente a eliminación das parcelas de vivendas unifamiliares afectas pola aparición dos xacementos arqueolóxicos reflectida na modificación puntual do Plan Parcial do Sector Urbanizable R.D. Perbes – Vilanova.-

2º.- Proceder, de acordo co establecido no artigo 92.2. da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural, á publicación da modificación puntual do Plan Parcial do Sector Urbanizable R.D. Perbes – Vilanova no DOGA e no BOP e a remisión de dos exemplares dilixenciados á CPTOPT “.-

Sometida a proposta de alcaldía a votación obtense o seguinte resultado:9 votos a favor do PP, PSOE, TEGA e ASI – MIÑO.

Queda ditaminada a proposta de alcaldía relativa á eliminación das parcelas das vivendas unifamiliares afectadas pola aparición de xacementos arqueolóxicos no Plan Parcial do Sector Urbanizable RD – Perbes – San Xoán de Vilanova, por unanimidade dos presentes.”

A continuación na sesión plenaria preguntase ós concelleiros presentes se queren realizar algunha intervención, e manifestando que non se somete a votación o ditame, co seguinte resultado: 13 votos a favor do PP, PSOE, TEGA, ASI – MIÑO e BNG.

Queda aprobada no pleno municipal a proposta de acordo formulada pola Alcaldía relativa á aprobación definitiva de eliminación das parcelas das vivendas unifamiliares afectadas pola aparición de xacementos arqueolóxicos no Plan Parcial do Sector Urbanizable R – D – Perbes – Vilanova, por unanimidade dos presentes.

8º.- DENOMINACIÓN DAS RÚAS VR – 1 E VR – 3 DO PLAN PARCIAL DO SECTOR Nº 1 – PERBES – VILANOVA.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais de data 9 de outubro de 2007, no que se establece:

“Dáse conta da proposta de alcaldía na que se establece:

ASUNTO: DENOMINACIÓN DAS RÚAS VR – 1 E VR-3 DO PLAN PARCIAL DO SECTOR Nº 1 PERBES – SAN XOÁN DE VILANOVA.

Visto que con data de 21 de decembro de 2006 o pleno municipal acordou denominar Costa Anácara á nova entidade integrada polo novo núcleo urbano que comprende parte das parroquias de Perbes e Vilanova e asignar nome ás rúas da mesma.-

Visto que con data de 9 de xullo de 2007 o pleno municipal acordou o cambio de denominación da entidade singular de poboación, cambiando de Costa Anácara a Costa Miño.-

Resultando que dentro da entidade singular de poboación “Costa Miño” quedaron sen nomear dúas rúas, en concreto as denominadas VR – 1 e VR – 3 no Plan Parcial do Sector nº 1 – Perbes – San Xoán de Vilanova.-

Esta alcaldía propón ó pleno municipal a adopción do seguinte acordo:1º.- Denominar á rúa VR -1 **Rúa Boca do Río.**-2º.- Denominar á rúa VR – 3 **Rúa Salgueiral.**-

Sometida a proposta de alcaldía a votación obtense o seguinte resultado:9 votos a favor do PP, PSOE, TEGA e ASI – MIÑO.

Queda ditaminada a proposta de alcaldía relativa á denominación das rúas VR – 1 e VR – 3 no Plan Parcial do Sector nº 1 – Perbes – San Xoán de Vilanova, por unanimidade dos presentes.”

A continuación na sesión plenaria preguntase ós concelleiros presentes se queren realizar algunha intervención, e manifestando que non se somete a votación o ditame, co seguinte

resultado: 13 votos a favor do PP, PSOE, TEGA, ASI – MIÑO e BNG.

Queda aprobada no pleno municipal a proposta de acordo formulada pola Alcaldía relativa á denominación das rúas VR – 1 e VR – 3 do Plan Parcial do Sector nº 1 – Perbes - Vilanova, por unanimidade dos presentes.

9º.- APROBACIÓN DA EQUIVALENCIA DA NUMERACIÓN CONTIDA NA URBANIZACIÓN DO SECTOR Nº 1 – PERBES – VILANOVA CO NÚMERO DE POLICÍA MUNICIPAL.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais de data 9 de outubro de 2007, no que se establece:

“Dáse conta da proposta de alcaldía na que se establece:

Asunto: Aprobación da equivalencia da numeración contida na urbanización do sector nº 1 – Perbes – San Xoán de Vilanova co número de policía municipal.-

Visto que nos planos de urbanización do sector nº 1 – Perbes – San Xoán de Vilanova asígnase pola empresa promotora unha denominación as parcelas incluídas no mesmo, denominación que non coincide cos números de policía municipal, circunstancia que esta a xerar moitos problemas de notificación ós propietarios.-

Esta alcaldía propón ó pleno municipal a adopción do seguinte acordo: Aprobar a equivalencia da numeración contida na urbanización do sector nº 1 – Perbes – San Xoán de Vilanova co número de policía municipal, segundo os planos que se achegan, e aprobar os mesmos.

Sometida a proposta de alcaldía a votación obtense o seguinte resultado: 9 votos a favor do PP, PSOE, TEGA e ASI – MIÑO.

Queda ditaminada a proposta de alcaldía relativa á aprobación da equivalencia da numeración contida na urbanización do sector nº 1 – Perbes – San Xoán de Vilanova co número de policía municipal, por unanimidade dos presentes.”

A continuación na sesión plenaria preguntase ós concelleiros presentes se queren realizar algunha intervención, e manifestando que non se somete a votación o ditame, co seguinte resultado: 13 votos a favor do PP, PSOE, TEGA, ASI – MIÑO e BNG.

Queda aprobada no pleno municipal a proposta de acordo formulada pola Alcaldía relativa á aprobación da equivalencia da numeración contida na urbanización do Sector nº 1- Perbes – Vilanova co número de policía municipal, por unanimidade dos presentes.

10º.- CONTROL Ó EQUIPO DE GOBERNO. MOCIÓNS.

Previa ratificación, por unanimidade dos concelleiros presentes, da urxencia das mocións presentadas, procedese a debate das mesmas.

Mocións do PSOE.

1º.- Dáse conta da moción presentada polo PSG – PSOE na que se establece:

Dona Emma González Álvarez, portavoz do Grupo Socialista, na súa condición de concelleira e en representación do grupo, comparece, e ó amparo do art. 97 da ROF propón a seguinte:

MOCIÓN

PRIMEIRA. Esta moción preséntase en nome dos propietarios das parcelas catastrais números 100, 103, 609, 612, 607 e 608 sitas na zona de Prebes ó sitio de Monteagudo,

colindantes cos terreos que foron afectados no desenrolo do plan parcial sito entre Prebes e San Xoán de Vilanova. Adxúntase plano catastral que identifica as referidas parcelas.

SEGUNDA. As citadas parcelas non foron obxecto de expropiación algunha en tanto o límite de construción do campo de golf segundo planificación urbanística e afección do concello se delimita na parcela 614 polo que as referenciadas en principio quedaron libres de calquera ocupación. Non obstante, e como é coñecido todas elas gozaban de accesos a través dun camiño que discurría paralelo á vía do ferrocarril e en colindancia coas parcelas 613, 615, 617, 618 e ss, as cales na data actual quedan incardinadas no ámbito de desenrolo do referido plan parcial. E por conseguinte, a executante, inicialmente FADESA fixo desaparecer o citado camiño, impedindo con elo o acceso ás demais fincas que quedaron axenas ó desenrolo do referido plan parcial.

TERCEIRA. Pois ben, dacordo co anterior resulta ademáis, que a parcela número 100 así como a número 103 foi obxecto de ocupación pola empresa adxudicataria das obras, con tala das árbores e apropiación destes por parte, o que xenera non só uns danos ós seus titulares senón tamén podería falarse dun delito de usurpación e de hurto, ó excederse nas súas atribucións e fora das prescricións das licenzas concedidas. Por elo, esta portavoz formula a seguinte moción ós efectos de que se paralicen as obras que en dita zona se está a executar debendo restablecer o dereito que ostentan as titulares das citadas fincas, paralizano as obras na citada zona, ordenando o retranqueo preceptivo, reservándose estas titulares o dereito a reclamación dos danos e perxuízos sufridos.

CUARTA. Polo demais, como xá se expuxo, ó resto das parcelas mencionadas, perderon os seus accesos é dicir, os viais de servizo ás citadas fincas, o que neste caso xenera unha responsabilidade no Concello quen ten a obrigación de realizalas obras precisas a fin de que os veciños e titulares deses predios dispoñan dos accesos precisos nas mesmas condicións ou similares ás primitivas. Resulta máis que obvio que os camiños existentes con anterioridade han de ser repostos, ó tratarse dunha previsión que deben obrigatoria no desenrolo do plan parcial, toda vez que os camiños son de titularidade municipal por disposición expresa da LHL e se no desenrolo dun plan parcial se eliminan han de sinalarse cales serán os que veñan a substituír.

Por todo elo, solicita se admita a presente moción, e se proceda de conformidade.

A continuación a Portavoz do PSOE, Dona Emma González manifesta que se trata dunha moción moi importante, xa formulada no seu día por o concelleiro José María Laya Carril, que moita xente estase queixando de que FADESA esta cortando os camiños incluídos no Plan Parcial, de forma que os propietarios de determinadas fincas non teñen forma de acceder ás mesmas, e que se lles esta dicindo que pasen pola urbanización de FADESA, manifesta, asúmesmo, que os camiños incluídos no Plan Parcial xa estaban reflectidos no catastro, que se trata de camiños de titularidade municipal, e por todo iso o Concello debe de supervisar as obras e vixiar que se fagan as obras de acceso as parcelas necesarias e que no se cometan tropelías amparadas no expediente de expropiación forzosa. Asúmesmo expón que o tratarse dun Plan Parcial se a empresa se está excedendo do aprobado no mesmo, o Concello ten que comprobar se efectivamente se excedeu e en caso afirmativo paralizar as obras.

Polo equipo de goberno, o Alcalde responde que o tema formulado na moción excede da competencia municipal, que efectivamente unha propietaria efectúo unha reclamación e que a alcaldía púxose en contacto coa empresa, a cal púxose en contacto coa propietaria para facer unha medición da finca, e a vista de dita medición e da escritura, no caso de que existese discrepancia repoñer a parte da finca ocupada, que descoñece se a propietaria puxo a disposición da empresa a escritura de propiedade. Con respecto os

camiños incluídos no Plan Parcial o Alcalde manifesta que os propietarios das fincas poden reunirse co concelleiro e co técnico para que lles expliquen onde están os camiños que substitúen ós iniciais, os cales deben de estar xa executados, e no caso de que os mesmos non estean executados indicarlles a data de execución dos mesmos e que se lles facilite un plano.

2º.- Dáse conta da moción presentada polo PSG – PSOE na que se establece:

Emma González Álvarez, portavoz do Grupo Psdeg-Psoe no Concello de Miño, ao amparo do disposto no art. 97/7 do ROF das entidades locais, formula ante este pleno para o seu debate a seguinte **MOCIÓN**:

No Concello de Miño e concretamente no tramo Ponte Baxoi-Viadeiro, sufrimos un dos puntos máis problemáticos da rede viaria da provincia. Vémos como tódalas semanas hai algún accidente e moitos ao longo do ano con mortes.

Os veciños das parroquias están preocupados pola situación en que quedou este tramo da estrada, polo que sería bo buscar unha solución que mellore a seguridade e as condicións de circulación.

O PsdeG-PSOE propón unha posible solución que consistirá en HUMANIZA-LO TRAMO, e se suprima o adiantamento, o que viría a quedar como está o tramo de saída de Pontedeume a Campolongo. Os que circulamos por este traxecto fomos moi críticos coa solución que se deu no se momento, pero o tempo é o que quita e da a razón, e hoxe hai que recoñecer que gracias a esa humanización do traxecto desapareceron os accidentes e os veciños de Campolongo viven máis tranquilos. Nos por iso propoñemos HUMANIZALO o tramo Bañobre – Viadeiro.

Polo que o grupo do PsdeG- PSOE e no seu nome a portavoz do mesmo formula a MOCIÓN para que o pleno se pronuncie e aprobe que:

Se realicen as xestións ante o organismo correspondente para levar a cabo esta proposta.

A continuación a Portavoz do PSOE, Dona Emma González manifesta que o tramo Ponte Baxoi-Viadeiro é un punto moi problemático onde hai frecuentes accidentes e que do que se trata é de buscar unha solución para reducir os mesmos.

Polo equipo de goberno, o Alcalde manifesta que lle parece paradóxico que o PSOE presente una moción como esta cando son os propios representantes do PSOE os que están cerrando as portas, que no seu momento o concello contratou un enxeñeiro de camiños para identificar todos os puntos negros do Concello, que durante a realización das obras fixéronse reclamacións ó Ministerio de Fomento, que se fixeron, asúmesmo, dos requirimentos ó Ministerio de Fomento para que o mesmo, como titular da estradas, tomará as medidas oportunas para reducir os accidentes no tramo, requirimentos acompañados das correspondentes fotografías e partes, e que a data actual non se recibiu contestación ningunha, que polo tanto aproveita esta oportunidade para solicitar a súa intervención no tema, xa que a nos non nos reciben, e que se a eles lles fan caso que non terá ningún problema en felicitarlles publicamente e prestarlles todo o protagonismo político, xa que o que realmente lle preocupa ó equipo de goberno é solucionar o problema, finalmente sinala que está de acordo co PSOE de que o problema do tramo Ponte Baxoi-Viadeiro é un dos maiores problemas do Concello.

Este Grupo de Goberno, sensible a este problema, xa ven habendo xestións sobre este particular, xa que é unha preocupación de todos. Teño que poñer no seu coñecemento que, a tal efecto, desde esta Alcaldía enviáronse sendos requirimentos á Dirección Xeral de Estradas, pertencentes ó Ministerio de Fomento, para atopar a solución máis rápida e adecuada.

Con data 31 de agosto do presente ano enviouse o primeiro requirimento, que paso a lerlles...Como queira que por parte do mencionado Organismo non se recibeu ningunha resposta, con data 5 do presente mes de outubro volveuse a enviar un segundo requirimento, sen que, hata o momento, houbera resposta algunha. (lectura da segunda carta).

Dado que o Ministerio de Fomento parece facer oídos xordos ós nosos requirimentos, e dado que dito Ministerio está rexido por membros do seu partido, aproveito esta oportunidade para solicitar a súa intermediación. Se a vostedes lles fan caso e se soluciona o problema, eu non terei ningún inconvinte en felicitarlles e concederlles todo o protagonismo político que tal solución conleve, pois se trata de solucionar un problema tan serio como é a vida das persoas, que está por riba dos intereses e protagonismos políticos.

Emma González Álvarez, portavoz do Grupo Psdeg-Psoe no Concello de Miño, ao amparo do disposto no art. 97/7 do ROF das entidades locais, formula ante este pleno para o seu debate a seguinte MOCIÓN:

Dende hai catro anos os veciños de Sambollo, tempo que hai que se amañou a estrada nesa zona, están a sufrir un problema cos foxos, pois cada vez que se cruzan dous turismos, como non se orille ben á beira córrese o risco de ter un accidente. Non digamos se se cruza un co autobús, o accidente é seguro, por iso a preocupación dos veciños é normal.

O grupo do PsdeG- PSOE propón que o Concello coloque unha rede metálica polo foxo por se algún turismo ten que orillar e non se meta nel.

Polo que a portavoz do PsdeG-Psoe formula a MOCIÓN para que o pleno a someta a consideración e sexa aprobada.

En Miño 18 de outubro de 07

Asdo. Emma González Álvarez

Ao Pleno corporativo do 20 de outubro.

Para a primeira semana do próximo mes de novembro está previsto o comezo das obras de reparación e aglomerado de camiños en todo o municipio, por un importe próximo a 1.000.000 de Euros, a executar por tres empresas que resultaron adjudicatarias das mesmas. Entre estas obras está previsto dar solución a este problema, non coa colocación dunha "rede metálica" como propoñen ustedes, pois non se trata dun peche, senón coa colocación de tubos alternando coas correspondentes rejillas para impedir que se obstrúan os tubos, xa que foi esta a solución proposta polos técnicos municipais.

Emma González Álvarez, portavoz do Grupo Psdeg-Psoe no Concello de Miño, ao amparo do disposto no art. 97/7 do ROF das entidades locais, formula ante este pleno para a súa contestación ás seguintes preguntas:

Primeira:

Que o Sr. Alcalde de información a este pleno dos gastos detallados e facturas das festas patronais e dos actos que tiveron lugar en Miño este verán. Recórdolle que esta solicitude xa se fixo con data de entrada no Concello do día 1 de outubro.

Segunda:

Desexamos que nos explique que obras se están realizando na rúa da Carreira, e porqué se está eliminando o arcén. Aproveitamos para que informe a este pleno se xa se entregou ao Concello a Rúa da Carreira por parte do MOPU, e se xa comezou vostede a obra do Boulevard.

Terceira:

Vostede está acostumado a facelas cousas sen contar para nada cos demais grupos, e nin dar explicacións para nada, soamente nos chama para o que a legalidade lle obriga.

Agora asistimos perplejos á modificación do parque infantil do muelle, á tala de árbores e aquí ninguén sabe nada.

Gustaríanos que aínda que só fose por educación tivese informados aos demais grupos do que se está a facer no concello; polo que solicitamos que explique cal é o proxecto do parque infantil do muelle, E ¿PORQUÉ VOSTEDE FIXO UNA TALA SEN INFORMAR AOS GRUPOS DA OPOSICIÓN, NIN AO POBO?

Cuarta:

O grupo do PsdeG-Psoe quere saber onde está o mobiliario que había antes no Concello, e se ten pensado aproveitar algo para o novo, e tamén se vostede ten pensado informarnos de cando se vai a facer o cambio para o novo Concello.

En Miño a 17 de outubro de 2007.

Asdo. Emma González Álvarez

1. Como vostedes observarían, foron moitas as actividades culturais, recreativas e deportivas promovidas pola Concellalía de Cultura e Deportes ó longo do pasado verán e, como vostedes comprenderán, a elaboración desa relación que solicitan leva o seu tempo.

Por outra banda, non estou disposto a paralizar a actividade municipal para dar cumprimento á súa demanda. Se lle entregará dita relación cando os servizos municipais poidan elaborala.

2. É unha pregunta que realmente me sorprende. Parece que vostedes non viven en Miño, ou non se enteran.

As obras que se están a realizar na Rúa A Carreira corresponden ó proxecto aprobado no seu día e adxudicado á empresa Espina y Delfín. Estas obras comezaron hai uns meses, estando practicamente finalizadas na zona da baixada á estación do Ferrocarril así como

tamén o aparcamento da futura Plaza de Raxel. Actualmente están procedendo coa marxe esquerda dende a zona da estación á plazoleta diante do BBVA.

Digo que me sorprende a súa pregunta que parece ignorar a existencia deste proxecto, tendo en conta que vostedes presentaran no seu día algúnha alegación ó mesmo. Supoño que, antes de presentar as alegación verían o proxecto.

En canto á segundo parte da súa pregunta debo informarllas que con data 27 de xullo do presente ano asinou o convenio de cesión do mencionado vial, polo cal o Ministerio de Fomento abonará ó Concello a cantidade de 1.139.003,07 Euros, en dúas anualidades correspondentes ó 2008 e 2009.

Debo recordarllas tamén que esta cesión efectuouse a pesar dos esforzos que fixeron vostedes, presionando a distintos representantes da Administración Estatal, nos meses previos ás pasadas eleccións municipais para evitar dita cesión e, por conseguinte, impedir tamén a realización desta obra que vai supor un gran beneficio para Miño.

Emma González Álvarez, portavoz do Grupo Psdeg-Psoe no Concello de Miño, ao amparo do disposto no art. 97/7 do ROF das entidades locais, formula ante este pleno para a súa contestación a seguinte pregunta:

Na parroquia de Bemantes un grupo de 16 veciños dispoñen dunha tirada de auga da súa propiedade, e dende hai 20 anos autorizaron de palabra, sen maior compromiso que poderían servir tamén ao cemiterio e á escola de Bemantes.

O grupo do PSdeG- PSOE, propón que sexa o Concello o que asuma as súas responsabilidades, é xa que actualmente se están realizando obras para s dar servizo á parroquia, o lóxico é que tamén se realicen as acometidas e se de o servizo de auga ó cemiterio e á escola.

Nós cremos que a necesidade dun control sanitario, non pode quedar en mans duns veciños, e descargar así o concello a súa responsabilidade. Pensemos que pode darse o caso de problemas coa potabilidade desa traida. ¿Quenes serían os responsables?

En Miño a 17 de outubro de 2007.

Asdo. Emma González Álvarez

En canto ó suministro de auga potable á escola, éste xa está previsto por parte do Concello, xa que se trata dunha instalación municipal.

Polo que respecta ó cemiterio, ó tratarse dunha instalación particular, será obxecto de estudo tras unha reunión coas partes afectadas. Do resultado de dita reunión e da decisión tomada terán vostedes cumprida información no seu momento.

11º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non habendo outros asuntos que tratar, o Sr. Alcalde da por finalizada a sesión sendo as trece horas e cinco minutos, de todo o cal como Secretaria dou fe.

O Alcalde - Presidente

A Secretaria.